

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: María José Bravo Bosch	
Enderezo electrónico: bravobosch@uvigo.es	Teléfono: 630040075
Co-dirección do proxecto	
Nome: Carmen Ruiz Hidalgo	
Enderezo electrónico: cruiz@uvigo.es	Teléfono: 661968832
Bienio	2021-2023
Número de participantes (máx. 4)	2

Título

O emprendemento feminino da Gallaecia Romana: aspectos económicos e tributarios

Resumo

A Gallaecia tivo unha circunscrición xeográfica administrativa territorial romana que comprende o territorio da comunidade autónoma galega existente na actualidade, senón tamén de parte doutras comunidades, Castela e León, Asturias e Portugal, aínda que os límites eran fluctuantes. Desde o século II até o IV (d.C), coñécese a presenza das mulleres en distintas actividades económicas como a súa participación nos distritos mineiros (por exemplo, as Medulas), os oficios que podían desempeñar as mulleres fronte aos officia virilia, o termalismo, clave na provincia de Ourense, cunha protagonista indiscutible, Calpurnia Abana (e a súa exvoto nas termas das Burgas de Ourense), ou as salinas (presentes sobre todo en Vicus Spacorum, cidade de Vigo).

Aínda que existen estudos nos que se analiza a situación xurídico-social da muller na sociedade romana, a súa participación nas actividades económicas descritas tivo unha gran transcendencia na Gallaecia deses séculos, que marcaron un sinal na configuración xurídica e económica da sociedade galega ao longo dos anos até a actualidade, tal e como quedou reflectido no emprendemento das mulleres galegas en todos os sectores económicos do século XXI.

Obxectivo

Levar a cabo unha análise comparada do dereito romano co dereito actual e a igualdade de xénero recollida na lexislación actual, para que os discentes poidan apreciar a gran diferenza socio-xurídica entre a Galicia romana e a Galicia actual, desde un prisma feminino.

Plan de traballo

O plan de traballo estrutúrase da seguinte maneira:

1. Reunión co docente do Instituto de Bacharelato.
2. Unha entrevista cos discentes interesados no tema proposto.
3. Establecer con eles un horario de reunións atendendo aos estudos de bacharelato e exames. Nese horario proporanse as datas consensuadas das reunións.
4. Proporcionar información e lecturas bibliográficas.
5. Elaboración da memoria por parte dos discentes con apoio do profesorado da Uvigo.
6. Corrección da memoria presentada.
7. Defensa pública da memoria ante un Tribunal.

<https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/centros-secundaria/steam/stembach>
stembach@uvigo.gal